

2022- 2023

Guía didáctica

Activación do Cliac

Unha actividade educativa
para o fomento da participa-
ción da infancia

Un órgano de participación
infantil e canle das voces das
nenas e nenos do concello

Cliac




CURSO

Que é esta guía	4
Que é o Cliac	5
Obxectivos	7
Funcións	7
Quen forma parte dun cliac?	7
Como pode o meu alumnado formar parte?	8
Fases do proceso	9
Por que crear un Cliac?	10
Beneficios para a infancia	12
Beneficios para a cidade	13
Beneficios para o Concello da Coruña	13
Como podemos traballalo nas aulas ?	16
Dinámicas para o traballo en aula	18
Se queres afondar máis...	23
Outras dinámicas	24
ANEXO I. Breve historia dos Dereitos Humanos e os Dereitos da Infancia.	35
ANEXO II. Relación de contidos curriculares e dinámicas.	37
ANEXO III. Indicadores Municipales de Aplicación da Convención de Dereitos da Infancia, unicef.	38
ANEXO IV. Guía de recursos.	39

Guía didáctica

Activación do Cliac



Que é esta guía?

Benvida a esta guía!

Se estás lendo estas páxinas é porque o teu centro educativo decidiu participar do proceso de constitución do Consello Local da Infancia da Coruña!

Este material está pensado para servir de apoio durante o curso escolar, para acompañar ao teu alumnado de 5º ou 6º de Educación Primaria e introducilo no mundo da participación cidadá.

Nesta guía atoparás información sobre:


Todo o relativo ao CLIAC: que é; para que; como ser parte etc.

De onde xurde esta iniciativa

Dinámicas para traballar a participación cidadá, os valores democráticos etc.

Ademais de información engadida para o profesorado que teña máis tempo!

Antes de comezar, compartir que esta guía está baseada nos propios Dereitos da Infancia, polo que a linguaxe empregada será non discriminatoria e inclusiva, empregando palabras xenéricas sempre que sexa posible ou empregando o feminino xenérico para facilitar a lectura, xa que en todo momento nos referiremos a persoas (sen necesidade de facer referencia a un sexo/xénero en particular).



Que é o Cliac



O CLIAC, Consello Local da Infancia da Coruña, busca ser un espazo adicado á participación infantil, un órgano representativo dentro do marco do Goberno Local.

Ao tempo, é un proceso no que traballar a preparación das nenas e nenos para actuar como cidadanía participativa, mellorando a cohesión, a defensa e o desenvolvemento da sociedade democrática, adquirindo capacidades e competencias para participar activamente no devandito órgano de participación.

Obxectivos

Fomentar a participación na infancia, entendéndoa como un dereito básico.

Constituír un **grupo estable de nenas e nenos** que traslade a voz da infancia ás políticas públicas do Concello.

Tecer rede entre os centros, docentes, familias e alumnado interesado na participación cidadá.

Reforzar o papel do Concello da Coruña como unha institución a prol da participación e os dereitos da infancia.

Estes obxectivos parten da certeza e convicción de que as nenas e nenos poden e deben, como dereito, poñer en común todo o que lles preocupe e afecte, e propoñer accións e melloras ao Goberno Local, reforzando o seu papel como parte activa nos procesos de deseño de políticas públicas relacionados coa infancia.

Funcións

Ser o órgano de comunicación entre a infancia e o Goberno Local.

Propoñer medidas e accións oportunas para garantir o benestar e o desenvolvemento dos seus dereitos.

Participar na elaboración e seguimento dos Plan da Infancia que se elaboren.

Ser un espazo de igualdade de oportunidades para as persas que formen parte do órgano.

Colaborar con outras administracións públicas e entidades que desenvolvan actividades no ámbito da participación.

Quen forma parte dun CLIAC?

O CLIAC estará formado por un grupo estable de **nenas e nenos** como núcleo esencial, podendo formar parte tamén persoas adultas que participen no acompañamento.


Neste primeiro proceso de constitución do CLIAC, o rango de idade das participantes será de entre 10 e 12 anos, **alumnado de 5º e 6º de primaria**, e buscarase a representación da diversidade da cidade:

Paridade de xénero;

Composición equilibrada por colexios e barrios;

Diversidade étnica e racial;

Diversidade de capacidades e habilidades.



Como pode o meu alumnado formar parte?

As nenas e nenos que desexen formar parte do Consello Local da Infancia, deberán candidatarase enviando:

Presentación da candidatura

Unha presentación explicando os motivos polos que quere formar parte deste órgano: as motivacións, que poden aportar, por que consideran que pode representar a parte da infancia da cidade etc.

Presentación:

Esta presentación poderá realizarse en formato **escrito** ou **audiovisual**!

Escrito de apoio

Un escrito de parte da súa clase onde se recolla o apoio do alumnado e profesorado á candidatura.

Autorización



A autorización da persoa titora legal a participar nas sesións de traballo do grupo estable, en horario extraescolar.

As nenas e nenos seleccionados formarán parte do Grupo Estable de Participación, grupo que traballará fóra das aulas e acabará representando a infancia da Coruña no Consello Local.

Como sinalamos antes, a selección terá en conta criterios de idade, paridade, inclusión da diversidade, representación do maior número posible de centros e barrios etc. , buscando ter unha equipa plural, que sexa representativa da diversidade da infancia e sexa máis democrática, xusta e igualitaria.

Recomendación:

Para fomentar a participación dun maior número de alumnado, os centros educativos poderán ter a súa propia comisión, un equipo onde outras nenas e nenos acompañen á persoa representante dende o seu centro e traballen temas de participación de forma paralela ao CLIAC.



Fases do proceso



1º fase

Difusión e convocatoria

2º fase

Traballo autónomo
en aulas guiado polo
profesorado



3º fase

Presentación
de candidaturas

4º fase

Selección do alumnado
parte do Grupo Estable



5º fase

Traballo fóra da aula
co Grupo Estable
de Participación Infantil


6º fase

Constitución oficial
do CLIAC en Pleno

Por que crear un Cliac?



Crear un Consello Local da Infancia, ter un grupo estable de nenas e nenos que sexan representativas e representantes da infancia da cidade e que formen parte deste órgano de participación infantil repercute positivamente en varios ámbitos:



Beneficios para a infancia

Garante o dereito de participación da infancia

Permite que se escoiten as súas demandas e necesidades

Pon en valora súa capacidade de análise e toma de decisións, favorecendo o seu desenvolvemento persoal e a súa confianza

Normaliza a participación pública na infancia

Posibilita a relación entre nenas e nenos de toda a cidade co mesmo interese de participación

Permite traballar cuestións básicas para a vida cotiá como as habilidades sociais e comunicativas, as interrelacións, a toma de decisións, o bo liderado etc.



Imaxe:
Francesco Tonucci
(2002)

Beneficios para a cidade

Unha cidade que escoita á súa infancia é unha cidade que respecta, defende e favorece os Dereitos da Infancia e permite o correcto desenvolvemento das nenas e dos nenos en todos os ámbitos da súa vida.

Para avaliar a aplicación da participación infantil, en base aos Dereitos da Infancia nos municipios, UNICEF establece que se debería contar con:

Algún órgano (ou órganos) de participación infantil e/ou xuvenil;

A celebración dun Consello ou Comisión da Infancia e Adolescencia con regulamento aprobado nun Pleno municipal;

Un Consello Escolar Municipal ou algún tipo de participación da comunidade escolar no municipio;

Programas de fomento do asociacionismo e a participación infantil e xuvenil;

Iniciativas que promovan o respecto polos puntos de vista da infancia entre o público xeral e as familias;

Algún tipo de medio de comunicación local no que participe a infancia e a mocidade;



Se queres saber máis, accede ao [Anexo III](#)

Beneficios para o Concello da Coruña

Dende o Concello, a constitución do Consello Local da Infancia da cidade é un posicionamento firme e claro a prol dos dereitos da infancia que, ademais, lle permite contar co saber experto da infancia sobre as cuestións que lles afectan e así poder comprender a súa realidade, escoitando as súas propostas para a elaboración dos plans e políticas públicas relacionadas coa infancia.

Dereitos da Infancia

Ao longo destas páxinas presentamos os Dereitos da Infancia como base fundamentada da necesidade de fomentar a participación infantil, sendo un dos dereitos e principios recollidos e favorecendo o benestar das nenas e nenos. Por isto, antes de poñernos mans á obra coas dinámicas, queremos dedicarlle un espazo a destacar este conxunto de Dereitos.



Se queres un pouco máis de contextualización, le o [Anexo I](#)

As nenas e nenos de todo o mundo, independentemente da súa nacionalidade, lugar de residencia, sexo, orixe étnica ou nacional, raza, relixión, lingua ou calquera outra condición, teñen o dereito a:

Ser escoitadas/os

Ser protexidas (no caso de nenas/os migrantes, as autoridades e institucións teñen o deber de protexelas/os).

Condicións de vida e vivenda dignas

Liberdade de pensamento, conciencia e relixión

Privacidade e intimidade

Material que promova o seu benestar integral (independentemente das súas condicións)

Que as súas familias reciban a asistencia adecuada para o seu coidado (sendo prioritario o coidado por parte da familia e sendo delegado ás autoridades ou a unha familia de acollida/adopción en caso de ser necesario)

Liberdade de asociación

educación e igualdade de oportunidades (sendo a Educación Primaria obrigatoria e gratuíta en todo o mundo)

Atención sanitaria

Ter un nome e unha nacionalidade

O xogo, ao descanso e á participación


Non ser explotadas economicamente e condicións dignas de traballo, a partir da idade legal de cada país

Desenvolver a súa vida cultural, relixiosa e/ou lingüística, independentemente do maioritaria ou minoritaria que sexa

Estar protexidas e illadas de calquera conflito armado

Estar informadas e que as institucións e o resto de persoas estean informadas para que cumpran e respecten os dereitos


Como podemos traballalo nas aulas?



Para poder levar a cabo este traballo co grupo estable de participación, precisamos da túa colaboración nas aulas!

Por unha banda, precisamos que sexas a nosa cómplice, que introduzas algúns conceptos e reflexións en relación á participación e aos valores democráticos e, por outra, que lle contes ao alumnado sobre este proceso convidándoo a participar.

Debido á esencia do CLIAC, relacionamos este proceso cos contidos da materia de Valores Sociais e Cívicos, tanto de 5º de primaria como en 6º de primaria, pola procura do exercicio da cidadanía democrática e a participación na vida cívica e social, traballando na harmonía da construción da identidade individual e o reforzo da convivencia e mellora das relacións interpersoais.



Para coñecer un pouco máis sobre a relación de contidos curriculares, revisa o [Anexo II](#)

Dinámicas para o traballo en aula

Nesta primeira parte da guía, presentaremos catro dinámicas en relacións aos seguintes bloques:

a. Dereitos humanos e necesidades colectivas;

Dereitos en cores

O territorio que precisamos

Visibilizámonos

b. Presentación do CLIAC;

Canto sabes de participación infantil?

A continuación, atoparás máis dinámicas para profundar, relacionadas coa organización e o liderado; a resolución de conflitos; a toma de decisións; e a intelixencia emocional e o bo-trato.

Todas as dinámicas desta guía son unha recompilación de creacións propias e adaptacións das dinámicas recollidas no documento **Entendiendo la participación**, do Programa CAI - *Ciudades Amigas de la Infancia* de UNICEF.

Están pensadas para ser realizadas na aula, polo que a duración máxima é de 50 minutos, a excepción da dinámica chamada *visibilizándonos* que, opcionalmente, pode coller parte do recreo.



Dereitos en cores

Con esta dinámica, o alumnado aprenderá sobre os Dereitos da infancia, comprendendo o significado de cada un e adaptándoos a unha linguaxe accesible para a súa idade.




Materiais

Dereitos da Convención de Dereitos da Infancia escritos individualmente en distintos papeis, cores, papel e lapis/bolígrafos.

Desenvolvemento

1. Organizamos ao alumnado en pequenos grupos de tres / catro participantes e repartimos un dereito a cada agrupación.
2. Pedimos que lean atentamente o seu dereito e que marquen con rotulador:
 - En cor verde as palabras que comprendan
 - En cor vermella as que non comprendan
 - En amarelo as que non acaban de ter claras
3. Coas palabras verdes e amarelas, deben volver a escribir o Dereito que lles tocou ou o que entenderon del.
4. Cando todos os grupos rematen, poñemos en común as novas versións, para valorar se conseguiron manter a mensaxe cunha linguaxe máis comprensible.
5. Entre todas e todos, reescribiremos aqueles dereitos que precisen unha revisión para a súa total comprensión.
6. (opcional) Cos Dereitos xa reescritos, crearemos un mural para expoñelos no centro educativo, onde aparezan os dereitos xunto a mensaxes e debuxos en relación aos mesmos, coa finalidade de espallar esta información e que máis nenas, nenos e adultas poidan coñecer os Dereitos que lles corresponden!

Esta dinámica, é unha adaptación á proposta de UNICEF, onde mencionan a posibilidade de comunicar a nova versión de dereitos a Nacións Unidas, co obxectivo de que revisen a redacción da Convención e poidan escribila de forma máis accesible.



O territorio que precisamos

A través desta dinámica, o alumnado reflexionará sobre as necesidades particulares e colectivas, sobre a importancia da representación, o liderado consciente e como debemos implicarnos para ser escoitadas.

Materiais

Papel e bolígrafo / rotuladores.

Desenvolvemento

1. Repartimos unha cuartilla a cada alumna e alumno e pedimos que escriban a inicial do seu nome.
2. Coa súa inicial, deberán pensar nunha profesión que comece pola mesma letra, escribirla e escribir algo que pediría esa persoa para a súa cidade: por exemplo, *Ana pode pensar nunha agricultora que solicita hortas comunitarias.*
3. A continuación, pedimos que escriban pola parte de atrás, un soño propio que teña cada unha para a súa cidade.
4. Unha vez teñamos todas e todos elixidos os soños de profesión e os soños persoais, poñémolos en común e reflexionamos sobre as necesidades particulares de cada persoa. Podemos preguntar:
 - *Que pasa se quen decide como debería ser o noso territorio só escoita a unha persoa/ grupo e non sabe nada do que precisa o resto?*
 - *Como podemos poñer as necesidades en común?*
 - *No voso caso, atopades moitas diferencias?*
5. De xeito opcional, podemos deixar estes soños colgados dun pequeno tendal que poderemos facer cun fío grosso, a un lado da aula, para ter isto presente ao longo do proceso.



Visibilizándonos

Con esta dinámica reflexionaremos sobre as propias circunstancias da infancia e sobre a importancia das reivindicacións a través dunha dinámica colectiva.

Material

Cartolinas e rotuladores de cores.

Datas clave

11 de outubro

Día Internacional
dos Dereitos da Nena

29 de outubro

Día Internacional
das Infancias Trans*

20 de novembro

Día Internacional
dos Dereitos do Neno

Desenvolvemento

Organizamos un obradoiro de pancartas onde teñamos un primeiro momento de reflexión sobre as cousas que lles afectan:

- Que cousas considerades inxustas?
- Pensades que as nenas e os nenos pasan por situacións distintas? Cales?

Empregamos distintos materiais para favorecer a reflexión:



ONU: Libres e iguais: La lección

Vídeo sobre LGTBIQfobia para o alumnado, onde vemos un caso de lesbofobia, a violencia que se xera e a reconciliación entre un amigo e a súa amiga.



Dibujando el género

Vídeo explicativo sobre o sistema sexo/xénero e os estereotipos. Este é o primeiro capítulo dunha serie de catro.



Igualdad y no discriminación

Vídeo sobre os estereotipos de xénero no deporte a través dun pequeno grupo de amigas/os.



HollySiz - The light

Vídeo oficial da canción no que se nos achega ás infancias trans*



Doll Test

Vídeo baseado nun experimento social sobre o racismo interiorizado das nenas e nenos.

Canto sabes sobre participación?

Para explicar que é o CLIAC, propoñemos o emprego dalgunha ferramenta tipo Kahoot ou Menti onde o alumnado aprenda xogando.

Algunhas das preguntas para explicarlles o CLIAC poderían ser:

Que é un CLIAC?

- a. Unha Comida da Liga Inglesa de Arandos de Curtis
- b. Un Clube de Lectoras Interesadas na Astronomía e as Constelacións
- c. O Consello Local da Infancia de A Coruña
- d. A Comisión de festas de Lugo, Irixoa e A Carballeira

Para que serve un CLIAC?

- a. Para fomentar o dereito de participación das nenas e nenos na Coruña
- b. Para que as nenas e nenos poidan comunicar as súas necesidades
- c. Para que as nenas/os poidan propoñer accións de mellora no Concello
- d. Todas son correctas

As nenas e nenos teñen o dereito a ser escoitados e a opinar sobre as cousas que lles afectan?

- a. Verdadeiro
- b. Falso

No CLIAC haberá un grupo estable de nenas e nenos que serán a voz da infancia da cidade?

- a. Verdadeiro
- b. Falso

Cales pensas que son as funcións deste grupo estable?

- a. Ser a conexión entre a infancia e o Concello
- b. Propoñer as ideas que cada nena ou neno queira
- c. Gobernar a cidade

Para formar parte deste grupo hai que:

- a. Presentar un texto ou vídeo sobre por que queres representar a infancia
- b. Enviar un texto escrito de parte da miña aula en apoio á miña candidatura
- c. Enviar a autorización dunha persoa ao meu cargo (titora legal)
- d. Hai que enviar todo o anterior



Se quieres afondar más...



Neste apartado, traemos unha serie de información e dinámicas a maiores para todas as profesoras e profesores que queiran dedicarlle máis tempo á participación infantil nas súas aulas!

Aquí atoparás:

Outras dinámicas


1. Dereitos Humanos e necesidades colectivas
 - Urbanismo colectivo
2. Organización, argumentación e toma de decisións;
 - A excursión de fin de curso
 - Que levaría a unha illa deserta
 - A liña das opinións
3. Escoita e liderado;
 - A guía
 - Contando ata dez
4. Intelixencia emocional, comunicación asertiva e bo-trato
 - O espello das emoción
 - O detector de faltas de respecto
 - O abanico da valoración

Anexo I. Breve historia sobre os Dereitos Humanos e a participación infantil

Anexo II. A relación de contidos curriculares coas dinámicas

Anexo III. Indicadores Municipales de Aplicación da Convención de Dereitos da Infancia, de UNICEF.

Anexo III. Guía de recursos



Dereitos humanos e necesidades colectivas

Urbanismo colectivo

A finalidade desta dinámica é propiciar que o alumnado reflexione sobre as necesidades de cada grupo e a importancia de telas en conta para calquera planificación.

Materiais

Cartolina, tesoiras, regras, cartabón e/ou obxectos de diversas formas, cores. Unha alternativa é facer a dinámica a través dalgunha plataforma de Internet como Canva ou similares.

Desenvolvemento

1. Convidamos ao alumnado a deseñar un parque, zona de xogos, zona infantil dunha biblioteca, patio de colexio ou calquera lugar que poida ter un interese para a infancia. Esta elección pode ser posta en común ou a elección individual de cada nena ou neno.
2. Deixamos que as crianzas debuxen mentres formulamos preguntas que as leven a reflexionar sobre o que están a debuxar:
 - *Será un espazo para nenas e nenos? Cal é a función do espazo? Son diferentes as actividades que realizan as nenas e os nenos?*
 - *Sería o mesmo espazo se fora exclusivamente para persoas maiores?*
 - *No espazo convivirán familias, animais ou a quen debemos ter en conta? Cambia no caso de que haxan familiares ou animais?*



A excursión de fin de curso

Con esta dinámica, traballaremos o deseño de proxectos e planificacións, engadindo o compoñente de escoita, posta en común, elaboración das ideas e interese colectivo, ao ter que escoller unha opción.

Materiais

Papel e lapis/bolígrafos. Soporte tecnolóxico, Jamboard / PWP etc.

Desenvolvemento

1. Pedimos ao alumnado que imaxine como sería a súa excursión soñada: a onde iríamos, con quen, canto tempo, que actividades realizaríamos etc.
2. Deben escribir de forma individual a súa opción preferida.
3. Unha vez teñan o seu papel, pedimos que, de forma ordenada, compartan as súas opcións e as propoñan ao resto. Mentres isto sucede, imos apuntándoas no soporte tecnolóxico, a poder ser acompañadas de algunha imaxe do lugar e/ou actividade.
4. Acompañamos este proceso de preguntas como:
 - *Por que cres que este é un bo sitio / actividade?*
 - *Poden gozar dela todas as compañeiras?*
 - *Que cousas cres que debemos ter en conta?*
 - *Canto tempo sería o axeitado para pasar un bo día sen cansarnos demasiado?*
 - *Que persoas che gustaría que vos acompañaran? Por que?*
5. Ao rematar as propostas, realizamos a votación e poñemos en común a opción máis axeitada para todas.



Que levaría a unha illa deserta

Con esta dinámica, exercitamos a reflexión, a posta en común, a escoita, a toma de decisións conxunta e a organización.

Materiais


Papel e bolígrafo.

Desenvolvemento

1. Pedimos a cada alumna e alumno que, nunha folla, escriba unha lista de dez cousas que consideraría imprescindibles levar a unha illa deserta.
2. A continuación, pedimos que se agrupen en grupos de 4/5 persoas, que unha sexa a persoa comunicadora (a que conte ao final o resultado) e que poñan en común as súas listas.
3. Agora, terán que decidir, entre todas as opcións, que dez cousas considera o grupo imprescindibles.

Consellos

- *Seleccionade de cada lista o que é máis importante e explicade ás vosas compañeiras e compañeiros o porque.*
 - *Que a persoa comunicadora dea as quendas de palabra, e se encargue de que todo o mundo participa e pode dar os seus argumentos.*
 - *Podedes empregar un sistema de votación para comprobar que cousas son as máis importantes para o grupo.*
 - *En caso de que non sexades capaces de decidir todo en conxunto, podedes acordar que cada persoa escolla algo que para ela ou el é moi importante, de modo que todas teñen voz nesa decisión.*
4. Ao final, pedimos que cada persoa comunicadora conte como foi o proceso, cales foron as dificultades e que escolleron finalmente.



A liña das opinións

Con esta dinámica aprendemos sobre o posicionamento, a capacidade de argumentar os motivos da elección e a opción de rectificar. Aproveitamos isto para engadir contido sobre DDHH, participación, valores democráticos etc.

Materiais

Para esta dinámica precisamos un cartel que poña “si”, outro que poña “non” e a lista de afirmacións a ler.

Preparación

Antes de comezar, debemos encargarnos de que a aula estea despexada, xa que precisaremos espazo para non limitar a mobilidade. Tamén levaremos as afirmacións preparadas.

Desenvolvemento

1. Pedimos ao alumnado que axude na preparación do espazo, apartando as mesas e cadeiras para despexar a zona e colocamos os carteis de “si” e “non” en cada lado da aula.
2. Explicamos o desenvolvemento:
 - *Temos que estar todas de pé no medio. Cando diga unha frase, tedes que colocaros máis preto do si ou máis preto do non en función da vosa opinión. Preguntareivos por que vos colocáchedes no lugar elixido, e poderedes movervos sempre que cambiedes de opinión.*
3. Algún exemplo das frases:
 - *Todas as nenas e os nenos teñen o dereito a ser escoitadas/os.*
 - *As persoas teñen dereitos dende o seu nacemento (si ou non)*



A guía

Con esta dinámica, traballaremos a escoita e a organización, tamén o liderado e a confianza na persoa que nos guía.

Materiais


Papel din A3 ou cartolina, lapis e cores.

Desenvolvemento

1. Dividimos ao alumnado en tres grupos e separámolos en tres espazos da aula onde non se poidan ver nin oír con claridade.
2. Damos a cada grupo un papel/cartolina, lapis, goma e cores.
3. Seleccionamos a unha persoa como a encargada da obra.
 - Pedimos a un grupo que debuxe a copa dunha árbore, a outro o tronco e ao último as raíces. Para isto, deberán seguir as indicacións da encargada da obra, que será quen se mova pola aula vendo as debuxos e explicando como o deben facer.

Esta persoa encargada da obra poderá solicitar axudantes, xa que sabemos que o traballo colaborativo é fundamental e pedir axuda cando o precisamos, tamén.

- Ao rematar, xuntamos as pezas e reflexionamos sobre as dificultades do proceso, a importancia de seguir as indicacións e da colaboración.



Contando ata dez

Con esta dinámica, aprendemos do valor da escoita. É un exercicio para aprender a ceder, a deixar pasar en lugar de interrompernos. Engadímola a este bloque pensando nun bo liderado que escoite as demais persoas.

Material

Para esta actividade non precisamos ningún material físico.

Preparación: Debemos colocarnos de forma que nos vexamos entre todas e todos.

Desenvolvemento

1. Unha vez estamos todas colocadas, explicamos o sentido da actividade. *O obxectivo do xogo é ser capaces de contar ata dez sen que dúas persoas falen á vez. Eu direi “un”; outra persoa dirá “dous”; outra “tres” e así sucesivamente. Cando dúas persoas digan o número á vez, teremos que volver a comezar.*
2. *Para isto, é fundamental escoitarnos e estar moi atentas ao resto, para saber cando falar e cando non.*
3. Ao final da actividade, relacionamos este valor da escoita coa dun bo liderado: a persoa que sabe escoitar as demais e cooperar para lograr os obxectivos comúns.

Duración estimada

30'



O corredor imaxinario

Con esta dinámica, traballamos a resolución de conflitos dende a busca colectiva de solucións, nun exercicio que esixe pararse a reflexionar e escoitar nunha dinámica que favorece a actividade.

Materiais

Para esta dinámica non precisamos ningún material, pero é necesario ter un número par de participantes!

Preparación

Debemos colocarnos en círculo, de forma que poidamos manter o contacto visual.

Desenvolvemento

- Dividimos ao alumnado por parellas, adxudicando a cada persoa unha compañeira, que será a persoa que estea xusto diante e contamos a seguinte historia:
Hoxe temos unha misións. 53 anos despois de que o primeiro home chegara a lúa, fomos seleccionadas para investigar a vida nun novo planeta. Aquí, en (pedir ao alumnado que suxira nomes para o novo lugar), non hai alimentos. Obtemos enerxía de grazas á calor humana das nosas compañeiras, por iso é moi importante manternos unidas. Cada unha de nós ten unha parella asignada, a persoa que temos xusto diante, á cal estamos conectadas a través dun túnel imaxinario. O noso primeiro obxectivo será cambiarnos de lugar coa nosa parella a través do túnel, pero ollo! non podemos perder o contacto visual, se non, perderemos a nosa enerxía e teremos que volver á posición de inicio (do círculo).

O habitual é que o alumnado, ao pórse en movemento, forme un atasco e perda o contacto visual. Deberán seguir intentándoo ata dar coa solución: organizarse e establecer quendas de parellas para cambiar de posición.



O espello das emocións

Con esta dinámica, traballaremos as emocións, a expresión e lectura da comunicación non verbal das demais persoas.

Materiais




Ningún.

Preparación

Para esta dinámica debemos colocarnos en círculo, de forma que todas as persoas poidan ver a representación.

Desenvolvemento

1. Contamos unha pequena historia en voz alta, dirixíndonos a unha alumna ou alumno. Unha historia sinxela, pero cunha emoción claramente predominante.
2. *Hoxe pola mañá collín o bus de todos os días para ir ao colexio coa mala sorte de que pinchou unha roda. Por culpa diso, cheguei 15 minutos tarde, o cal enfadou as miñas compañeiras e rifoume a miña mestra.. Non é xusto, non foi a miña culpa!*
3. A alumna/o que recibe a mensaxe deberá volver a contala coa mesma emoción a outra persoa. A continuación, repetirá a historia pero con outra emoción que escolla.
4. A persoa que está a recibir a mensaxe, deberá escoller esta última emoción e contar a súa propia historia e así ata que decidamos parar (en función do tempo e as enerxías),
5. Unha vez acabemos coas representacións, compartimos as seguintes reflexións:
 - *Que vos resultou máis sinxelo: contar a vosa historia coa vosa propia emoción ou imitar ao outro?*
 - *Podíades identificar as emocións facilmente?*
 - *Que vos chamou máis a atención?*
 - *Poderíades dicir se vos sentíchedes confusas nalgún momento? En cales?*



O detector de faltas de respecto

Con esta dinámica, traballamos a empatía e reflexionamos sobre todas aquelas prácticas que se dan no día a día entre as crianzas. Falamos de participación infantil e a necesidade de que se teña en conta ás nenas e nenos, pero tamén debemos traballar o bo trato entre iguais.

Materiais

Folios e lapis ou bolígrafos.

Desenvolvemento

1. Pedimos ao alumnado que colla un folio e reflexione sobre cando cre que lle faltou o respecto a algunha compañeira ou compañeiro.
2. Pedimos tamén que reflexionen sobre cando a fixeron sentir mal con algunha acción ou palabra.
3. É moi importante comentar que non se deben dicir nomes, que isto non é unha actividade para culpabilizar, senón para identificar situacións concretas e poder realizar unha lista de boas prácticas e unha de situacións que non tolerar.

—

Nesta dinámica é moi importante que observemos as reaccións do alumnado, xa que poden saír situacións complexas que abordar dende os coidados.



O abanico da valoración

Con esta dinámica, poderemos poñer en valor distintas calidades das nosas compañeiras e compañeiros, creando un clima agradable e aprendendo da importancia dos cumpridos. Igual que sucede coa actividade anterior, é moi importante que esteamos moi atentas ás dinámicas entre os grupos.

Materiais




folios e lapis/cores.

Preparación

Sentámonos en círculo, de forma que todas nos vexamos.

Desenvolvemento

1. Pedimos a cada alumna e alumno que colla un folio e escriba o seu nome na esquina superior dereita e que o dobren coma se fose un abanico.
2. Cando o teñamos todas, debemos pasar o abanico á persoa que temos á esquerda e recibir o da persoa que temos á dereita.
3. Escribiremos na primeira franxa da dobrez dispoñible, algo positivo que nos guste da propietaria do abanico e pasarllo á persoa da esquerda. Así sucesivamente ata recuperar o noso.
4. Ao final de todo, cada alumna e alumno terá o seu propio abanico cos comentarios positivos das súas compañeiras e compañeiros.
5. Podemos deixar un tempo para que cada unha o decore ao seu gusto e o leve para casa.
6. É importante que ao final reflexionemos sobre o importante que é dicirlle cousas bonitas ás persoas que nos rodean e coidarnos máis e mellor.



ANEXO I.

Breve historia dos Dereitos Humanos e os Dereitos da Infancia.

Ao longo destas páxinas presentamos os Dereitos da Infancia como base fundamentada da necesidade de fomentar a participación infantil, sendo un dos dereitos e principios recollidos e favorecendo o benestar das nenas e nenos. Por isto, queremos dedicarlle un espazo á evolución dos Dereitos Humanos que derivaron aos Dereitos da Infancia nos que hoxe nos apoiamos.

Os Dereitos Humanos son o conxunto de acordos que se establecen para asegurar a dignidade e benestar de todas as persoas, independentemente da súa nacionalidade, lugar de residencia, sexo, orixe étnica ou nacional, raza, relixión, lingua ou calquera outra condición.

- Son contemplados na lei a través de normas internacionais onde se establece que obrigas e medidas teñen que tomar os gobernos co obxectivo de promover e protexer os dereitos e as liberdades fundamentais de todas as persoas e grupos sociais.
- Son aprobados no 1948, nun contexto onde continuaban as desoladoras consecuencias que deixou a Segunda Guerra Mundial e onde se manifestaba a necesidade de recoñecer os dereitos e a dignidade que merece calquera persoa.

Nesta Declaración Universal de Dereitos Humanos, xa temos constancia da necesidade de protexer a infancia de forma concreta e específica no seu **artigo 25.2 “a maternidade e a infancia teñen dereito a coidados e asistencia especiais”**.

Este foi un paso moi importante xa que, a pesar de que outros dereitos protexen aos nenos e nenas, como o dereito á non discriminación ou o dereito á educación, neste vemos como se pón de manifesto que o seu período de desenvolvemento precisa dunha atención propia e apropiada, comprendendo que máis que “adultas e adultos pequenos” (como foran consideradas en épocas anteriores) son suxeitos en crecemento e *construción*.

Co paso dos anos, tómase máis consciencia desta necesidade de protección e xorden algunhas iniciativas legislativas en relación aos dereitos da infancia, ata chegar ao 1989, onde se aproba a Convención sobre os Dereitos do Neno (e a nena)¹, baseándose nos principios básicos de:

- Non discriminación: todas as nenas e nenos deben ter os mesmos dereitos, independentemente das súas características ou condicións.
- O interese superior da nena ou neno: calquera decisión, lei ou política relacionada coa infancia debe ter en conta o seu máximo benestar.

1 Por inclusividade, cada vez que falemos de “Dereitos do Neno”, diremos Dereitos da Infancia, incluso cando queramos sinalar a *Convención dos Dereitos do Neno*.


- O dereito á vida , á supervivencia e desenvolvemento: todas as nenas e nenos teñen o dereito a vivir e alcanzar o seu máximo potencial.
- O principio de participación: todas as nenas e nenos teñen o dereito a ser consultadas sobre as situacións que lles afecten. Este principio e dereito é a base dos Consellos da Infancia, xa que son unha ferramenta para ter ese espazo no que poder ser escoitadas.

Queremos destacar, nun exercicio consciente de reivindicación das mulleres invisibilizadas na Historia, que a primeira Declaración dos Dereitos da Infancia formulouse pola Unión Internacional Save the Children, en Xinebra o ano 1924. Esta fundación foi creada no 1919 por Eglantyne Jebb, unha mestra británica, activista e pacifista que dedicou a súa vida ao compromiso coas nenas e nenos, e a súa irmá Dorothy Buxton.

Esta Declaración foi a base, no ano 1989, para a Declaración de Dereitos da Infancia, de Nacións Unidas.

Os dereitos que recolle, aplícanse a todas as nenas e nenos dende que nacen ata que cumpren 18 anos.

Dende o ano da súa aprobación, os organismos públicos traballan no deseño de estratexias para que a rapazada participe activamente nos procesos de deseño de políticas, como podemos ver na elaboración da *Estrategia Nacional para la implementación de la Agenda 2030*, onde foron consultadas rapazas e rapaces de consellos de participación de Cidades Amigas da Infancia de UNICEF ou, como exemplo máis próximo, como podemos ver na elaboración do [Manifesto de Castrelo de Miño](#), onde se recollen as conclusións do I Encontro Galego de Participación Infantil e Adolescente, realizado no 2019, e no [Manifesto pola nosa Terra](#), coas conclusións do II Encontro Galego de Participación Infantil e Adolescente do 2021.



ANEXO II.

Relación de contidos curriculares e dinámicas.

Contidos curriculares

Relación coas dinámicas

5º: B.3.9. | B.3.10; 6º: B.3.8.

Os dereitos e deberes. Declaración Universal dos Dereitos Humanos.

Introdución aos dereitos humanos, dando paso ao ámbito da participación, base do CLIAC.

5º: B.1.4 | 6º: B.2.5.

A responsabilidade. Compromiso individual e colectivo. A intelixencia interpersonal. Empatía, atención, escoita activa. Altruísmo.

Detección de necesidades da entorna e liderado responsable, cunha mirada ampla sobre a realidade.

5º: B.1.1.; B.1.6. | 6º: B.1.4.; B.1.6.

A autonomía persoal e a autoestima. Iniciativa, seguridade, toma de decisións meditada etc.

Valoración propia e capacidade de liderado. Importante para a candidatura de personalidades diversas. 5º: B.2.1. | 6º: B.2.1.

As habilidades de comunicación. Elementos da comunicación non verbal que favorecen o diálogo.

Expresión e identificación das emocións para a lectura da comunicación non verbal da nosa entorna.

5º: B.2.2.; B.2.3. | 6º: B.2.3.; B.2.4.

A aserción. Exposición e defensa con argumentario. A creación de pensamentos compartidos a través do diálogo.

Argumentos, capacitación para as candidaturas e para a participación nos plenos.

5º: B.3.3.


A interdependencia e a cooperación. A participación equitativa. A resolución de conflitos en colaboración. O respecto polo outro.

Dinámicas sobre a resolución de conflitos a través da escoita e o traballo en equipo.

5º: B.3.8.

Desenvolvemento de actitudes de comprensión, superación de prexuízos e de estereotipos. Cooperación e solidariedade ante problemas e necesidades doutras persoas.

Dinámicas de detección de necesidades. Importante para o liderado responsable.



ANEXO III.

Indicadores Municipales de Aplicación da Convención de Dereitos da Infancia, UNICEF.

Para avaliar a aplicación dos Dereitos da Infancia nos municipios, UNICEF establece unha serie de indicadores no seu documento [Indicadores Municipales de Aplicación de la Convención sobre los Derechos del Niño](#), en base ás categorías:

Datos xerais

Saúde

Escola, Educación e Ensinanza

Cultura, Ocio e Tempo Libre

Sustentabilidade ambiental


Familias

Cooperación ao desenvolvemento

Participación

No caso da [Participación](#), dende UNICEF establecen que unha cidade que aplica a Convención sobre os Dereitos da Infancia debería contar con:

- Algún órgano de participación infantil e/ou xuvenil;
- A celebración dun Consello ou Comisión da Infancia e Adolescencia con regulamento aprobado nun Pleno municipal;
- Un Consello Escolar Municipal ou algún tipo de participación da comunidade escolar no municipio;
- Programas de fomento do asociacionismo e a participación infantil e xuvenil;
- Iniciativas que promovan o respecto polos puntos de vista da infancia entre o público xeral e as familias;
- Algún tipo de medio de comunicación local no que participe a infancia e a mocidade.



ANEXO IV.

Guía de recursos.

GUÍAS SOBRE PARTICIPACIÓN INFANTIL

[Guía para el diseño de órganos de participación infantil y adolescente a nivel local](#)

EDE. (2021).

Navarra: Gobierno de Navarra.

[Participación infantil en los centros escolares: guías de educación en derechos y ciudadanía global](#)

UNICEF. (2018).

Barcelona.

[Guía para promover la Participación Infantil y Adolescente en la ciudad de Madrid](#)

Enclave. (2018).

Madrid: Ayuntamiento de Madrid.

METODOLOGÍA FILOSOFÍA PARA CRIANZAS

[Filosofía para niños de Mathew Lipman. Un análisis crítico y aportaciones metodológicas, a partir del Programa de Enriquecimiento Instrumental del profesor Reuven Feuerstein Indivisa](#)

Tébar Belmonte, Lorenzo (2005).

Madrid: La Salle Centro Universitario.

A CALIDADE DE VIDA INFANTIL NO CONCELLO DA CORUÑA:

[Cidade e infancia: análise multidisciplinar das Políticas do Goberno Municipal da cidade da Coruña e as súa influencia na calidade de vida infantil: 2015-2018](#)

Sampedro-Vidal, Marcos. (2021).

A Coruña: Universidade da Coruña

FILMES


[Unicef Innocenti Film Festival](#)

Festival de cine con películas sobre dereitos da infancia.



Calquera dúbida:

Departamento de Educación
981 184 200 (ext. 12041 // 12047)
cliac@coruna.gal





Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña